



HAL
open science

O urbanismo e a ordenación do terrotorio na Europa de mañá

Gérard-François Dumont

► **To cite this version:**

Gérard-François Dumont. O urbanismo e a ordenación do terrotorio na Europa de mañá. Grial, 2002, 155, pp.551-558. halshs-01145710

HAL Id: halshs-01145710

<https://shs.hal.science/halshs-01145710>

Submitted on 27 Apr 2015

HAL is a multi-disciplinary open access archive for the deposit and dissemination of scientific research documents, whether they are published or not. The documents may come from teaching and research institutions in France or abroad, or from public or private research centers.

L'archive ouverte pluridisciplinaire **HAL**, est destinée au dépôt et à la diffusion de documents scientifiques de niveau recherche, publiés ou non, émanant des établissements d'enseignement et de recherche français ou étrangers, des laboratoires publics ou privés.

GRIAL

155

XULLO, AGOSTO, SETEMBRO

TOMO XL / 2002

Andrés Precedo

**O urbanismo e a ordenación do territorio
na Europa de mañá. Entrevista co rector
Gérard-François Dumont**



ENTREVISTA

O urbanismo e a ordenación do territorio na Europa de mañá

Entrevista con Gérard-François Dumont

Andrés Precedo

Xeógrafo de notoriedade internacional, Gérard-François Dumont é un especialista a nivel mundial en cuestións de ordenación do territorio e de xeografía humana e profesor na Universidade de París-Sorbona. Autor dunha vintena de libros, publicou, en particular, L'aménagement du territoire (París, 1994), Économie urbaine, villes e territoires en compétition (París, 1995), Les populations du monde (Armand Collin, París, 2001), Les migrations internationales (Sedes, París, 1995) e Les racines de l'identité européenne (Economica, París, 1999, con prólogo de José María Gil-Robles e Gil-Delgado). Sinálamos tamén un excelente libro de peto publicado en lingua castelá, Francia y los franceses (Acento Editorial, Madrid, 2000). Gérard-François Dumont tivo a amabilidade de responder as nosas preguntas.

—*¿Cales son, ó seu parecer, as novas orientacións das políticas urbanísticas nas cidades europeas?*

—As cidades europeas entregáronse nos anos 1950, 1960 e 1970 ás modas urbanísticas saídas do espírito da Declaración de Atenas de 1933 e do racionalismo soviético. Le Corbusier rexeita o termo “casa” para predicar o de “máquinas residenciais”, fundadas nas técnicas da construción e non nas necesidades do ser humano. Estas “máquinas residenciais” concíbense sobre taboleiros de damas que son a alegría dos

enxeñeiros e a desgracia das poboacións e culturas. A evolución cara a cidades banais, sen orixinalidade nin alma, concrétese, logo, a través da construción de barras e torres que medran como champiñóns, non soamente nas cidades devastadas pola Segunda Guerra Mundial, como Rotterdam, senón tamén nas outras, asumíndose, ás veces, que conxuntos enteiros de arquitectura de calidade acaben destruídos.

Fracasa, afortunadamente, o proxecto de Le Corbusier que consistía en achandar a maior parte da ribeira dereita en París para edificar alí torres de 200 metros de altura que só ían ocupar o 5 por cen da superficie. Mais inspira outras realizacións, debedoras dun espírito semellante, en diversos barrios antigos, que desaparecen para faceren sitio a unha idea racionalista, ou tamén certas actuacións nas periferias das cidades. A Europa dos anos 1950 abandona as súas culturas urbanas ancestrais, integrándose nunha visión internacional do urbanismo que mestura un racionalismo totalitario coa tradición anti-urbana norteamericana. Farán falta moitos anos para refutar esta ideoloxía urbana que ten como lema principal o de "facer táboa rasa do pasado".

Desde os anos 1980, as cidades europeas parecen ter efectuado unha verdadeira reconversión da súa política urbana, ó se decidiren por novas orientacións. A primeira consiste en reconquistar os centros das cidades: a identidade urbana dunha cidade europea supón un corazón, isto é, un espazo céntrico que facilita a cohesión social e dá unha imaxe que lle é propia. Isto significa parar a destrución dos inmobles do centro urbano que, a partir de entón, cómpre rehabilitar no canto de substituílo por un urbanismo racional. Este propósito esixe, en segundo lugar, unha política económica e cultural que permita ós centros das cidades seren sitios onde desenvolver múltiples acontecementos e onde se poida sentir latexar o corazón da cidade. Así, Europa reaprende a importancia cultural das súas cidades.

Paralelamente a esta política, a segunda orientación consiste en reconquistar todo aquilo que simboliza a cidade e constitúe a súa particularidade. Trátase, por exemplo, de devolverlle as prazas á vida social, antes aproveitadas, exclusivamente, para a circulación ou como aparcadoiro para os vehículos. Ademais, as cidades habilitan as beiras dun regato ou dun río, abandonadas, tal vez, e utilizadas como depósitos ou para proxectos relacionados coa rede viál. Así, París suprimiu *in extremis* o proxecto de construír unha vía de tráfico na ribeira esquerda do Sena para realizar, en cambio, un paseo peonil nas marxes do río. Montpellier reconquista progresivamente o modesto río que atravesa a cidade, transformado, durante moito tempo, en sumidoiro. Outro exemplo representano os cursos acuáticos que cruzan as cidades e que reaparecen agora despois de que antes se fixesen desaparecer debaixo dunha capa de formigón. Nas cidades costeiras, trátase de recuperar as

fachadas marítimas, como en Barcelona ou na Coruña. As novas orientacións das políticas urbanas, daquela, procuran redescubrir, revalorizar as vantaxes naturais específicas da identidade de cada cidade e conflúen no intento de estruturala.

O pulso dunha cidade latexa de xeito diferente segundo o barrio en cuestión, pero cada un debe poder beneficiarse do corazón, do centro da cidade, e, asemade, das disposicións existentes nos outros barrios. A terceira orientación das novas políticas urbanas tamén atinxe ós transportes, coa idea de mellorar os transportes colectivos para que a cidade non afoque baixo os automóviles, de aí as restriccións de circulación dentro da mesma, a realización de vías de transporte colectivo en sitio propio e de rúas totalmente ou parcialmente peonís.

Paralelamente, trátase de proseguir arreo a loita contra a contaminación urbana e a prol da estética urbana. A miúdo a preocupación ambiental preséntase como algo novo. É, en efecto, inherente á existencia mesma das cidades que non terían podido desenvolverse sen os progresos que permitiron frear as epidemias urbanas ou os grandes incendios urbanos. Pero trátase de algo que, aparecendo baixo os termos do desenvolvemento duradeiro, é máis unha nova fase de política urbana adaptada ós nosos tempos que non unha política totalmente nova: intentar que os seres humanos, desde o arquitecto ata o cidadán común, exerzan plenamente a súa misión de bo xardineiro do medio ambiente e borrar a tendencia a non pensar senón en si mesmo ou a só actuar a curto prazo.

Estas catro novas orientacións das políticas urbanas atópanse, ás veces, facilitadas pola evolución das estruturas económicas. Por exemplo, as industrias son menos contaminantes ou afastáronse dos centros das cidades e hai espazos urbanos que quedan libres pola marcha de empresas ou centros militares para as zonas periféricas. En resumidas contas, hai baldíos industriais e portuarios que constitúen unha auténtica oportunidade para o renacemento urbano.

Malia estas catro orientacións, o peso da herdanza da Declaración de Atenas segue aí. Fará falta aínda moito tempo e moita vontade para borrar as súas consecuencias, para que a cidade sexa concibida exclusivamente ó servicio do ser humano e da concordia social.

—*¿Cales son os obxectivos prioritarios para unha política de ordenación do territorio na Europa do século XXI?*

—Establecer unha política territorial supón facer un inventario bo das realidades espaciais e dos riscos. Os territorios europeos caracterízanse por unhas profundas desigualdades e, máis aínda, por procesos diverxentes. As profundas desigualdades proceden dun acceso cada

vez máis diferenciado ós servizos que precisa a poboación. Segundo o sitio no que se vive, as posibilidades de comunicación, en termos materiais como en termos inmateriais, son cada vez máis desiguais.

Considerando a comunicación material, a introducción dos trens de alta velocidade, nunha lóxica en absoluto preocupada por un transporte multimodal combinado coas redes máis finas que tecen o territorio, converte estes trens, esencialmente, en transportes interurbanos en detrimento dos territorios situados entre as metrópolis. A proba acaba de darse novamente en Francia coa inauguración do TGV Méditerranée, que diminúe considerablemente a duración do traxecto ferroviario París-Marsella ou Lyon-Marsella, pero incrementa a duración da viaxe para ir a diversos concellos das rexións Ródano-Alpes e Provenza-Alpes-Costa Azul. A concepción que prevalece no ámbito dos trens de alta velocidade parece privilexiar unha aproximación urbana en detrimento dunha aproximación territorial. Os mesmos erros xa cometidos en Francia desde os anos 1980 semellan repetirse, por exemplo, en España coa vía Barcelona-Zaragoza-Madrid. Os proxectos da Unión Europa favorecen dous grandes eixos: París-Berlín, por Bruxelas e Colonia, e París-Viena, por Estrasburgo e Múnic, deixando pouco sitio para a Europa meridional ou para unha trama territorial máis fina.

En canto á comunicación inmaterial, as redes desatenden os territorios menos rendibles dando, en consecuencia, importantes vantaxes ós outros.

O segundo gran problema territorial de Europa é un desequilibrio crecente na densidade dos diferentes territorios. A concentración da poboación nas grandes metrópolis realízase a custa das zonas rurais e, decote, tamén en detrimento dos concellos medianos. Esta evolución acentúase baixo os efectos dunha fecundidade minguada que agrava o proceso de perda de poboación en numerosos territorios europeos. ¿Cal é, daquela, o risco? Malia as declaracións frecuentemente optimistas dos dirixentes políticos, Europa ten bastantes dificultades de despregar o dinamismo indispensable para poder atopar o seu sitio no mundo e para rexenerar a súa cultura. A idea inquieta que Miguel de Unamuno expresaba a comezos do século XX parece máis actual que nunca no século XXI, por mor do avellentamento da poboación europea e do despoboamento que caracterizan numerosas rexións. A consulta doutros autores importantes leva a ter en consideración a análise do grande historiador Arnold Toynbee (*L'histoire*, Payot, París, 1996). O seu estudo das causas do declive das civilizacións conclúe con dous grandes riscos de perda de harmonía social: os "cismas horizontais" e os "cismas verticais". Os primeiros proceden de "clases mesturadas no plano xeográfico pero separadas no plano social". Os

segundos, os cismas verticais, proceden de "comunidades separadas no plano xeográfico". Esta análise demostra que a democracia de proximidade é o terreo da harmonía social.

Sabedora destas constatacións, a política europea de ordenación do territorio debe fixar como obxectivo impedir estes cismas verticais. Isto significa igualdade dos territorios en materia de información e de comunicación, políticas de complementariedade en materia de modos de transporte, políticas de solidariedade territorial e rexeitamento de toda fractura numérica. Debería ser prioritario e imperativo poñer en marcha políticas que favorezan a solidariedade fundamental entre cidade e campo.

—*¿Como se pode resolver a crecente separación entre a cidade e o resto do territorio, especialmente nos espazos rurais?*

—A verdadeira razón da separación crecente entre a cidade e o resto do territorio non é de orde racional senón ideolóxica. Igual que Europa sufriu a ideoloxía de Le Corbusier en materia de urbanismo, hoxe en día está sendo dominada por unha ideoloxía, implícita e nefasta, en materia de territorio. Esta última considera que nas sociedades modernas a cidade é, necesariamente, antropófaga con respecto ó mundo rural. Esta ideoloxía resúmese no siloxismo seguinte que inspira numerosas decisións:

Premisa maior: O espacio rural é agrícola.

Premisa menor: A agricultura xa non crea moito emprego.

Conclusión: Daquela o mundo rural non é creativo.

As premisas deste siloxismo son falsas. Por unha banda, a premisa maior, segundo a cal o espacio rural sería exclusivamente agrícola, é pouco exacta. Non faltan exemplos de empresas anovadoras instaladas no mundo rural, se ben sempre se consideran, por mor da ideoloxía do siloxismo antedito, como meras excepcións que non poden servir de lección.

Por outra banda, a premisa menor é, igualmente, infundada. É certo que o número de traballadores na agricultura diminuíu notablemente. Pero tamén cómpre considerar que o emprego que depende da agricultura é moito máis importante que o dos agricultores *stricto sensu*. De feito, a agricultura antiga creaba bastante poucos empregos inducidos. Pola contra, a agricultura do século XXI supón novos empregos inducidos, tanto en preproducción como en posproducción, e tanto que debe privilexiar a calidade dos produtos, agora que é obvio que Europa xa non ten que preocuparse pola súa autosuficiencia alimentaria, como aínda era o caso no momento de establecer a política agraria común en 1957. Para producir, unha agricultura de calidade apela a métodos e procedementos

que implican, na preproducción, os oficios máis diversos: informáticos, asesores, especialistas en contabilidade, provedores dos produtos máis diversos... En posproducción, precisa técnicos de embalaxe, de conservación, de promoción das marcas, de publicidade, de transporte, de distribución... Aínda que sexa menos creador de empregos directos, o mundo rural representa unha proporción de empregos inducidos máis alta que nunca.

Ó non reconecer a falsidade das dúas premisas, a conclusión, que significa que o mundo rural é *a priori* non creativo e que pode ser abandonado a si mesmo, xúlgase válida. Da ideoloxía do siloxismo citado, a do espazo urbano antropófago, xorde o rexeitamento de analizar as deseconomías debidas á sobreconcentración urbana e de examinar a distribución dos servizos públicos das zonas rurais, a atribución de recursos financeiros menores ou, como en Francia, as políticas de recentralización.

Convén, pola contra, desprezar políticas que valoricen o mundo rural e cómpre privilexiar todas as iniciativas que subliñen a complementariedade entre o mundo urbano e o mundo rural. Fai falta recoñecer o vigor da agricultura de calidade, fundamento dos equilibrios da nosa sociedade, e as súas aportacións nutritiva, económica e cultural. As cuestións de solidariedade cidade-campo deben ser transversais a todas as políticas nacionais, europeas e internacionais.

—*¿Que comentario lle merecen as políticas urbanas relativas ós problemas causados pola inmigración?*

—As cuestións suscitadas pola inmigración son dabondo diferentes entre unhas cidades europeas e outras en función da intensidade da migración e das súas características socio-económicas e culturais. Así, fronte a cidades cunha elevada proporción de residentes provenientes da inmigración, como en Francia, Alemaña e o Reino Unido, atopamos outras nas que esta proporción, aínda que en forte crecemento, resulta bastante limitada.

Logo tamén a orixe dos migrantes é moi diversa. En Alemaña, os grupos de inmigrantes máis numerosos son, por unha banda, os de procedencia alemana, chegado da Europa oriental e da Asia central desde a implosión soviética e, por outra banda, os dos turcos. No Reino Unido, os estranxeiros máis numerosos, á parte dos irlandeses, son os indios e paquistanís. En Francia e Bélxica, os estranxeiros non europeos máis numerosos son magrebís e persoas oriúndas da África subsahariana. En España, son os marroquís e os cidadáns da América andina ou das grandes Antillas...

En terceiro lugar, as razóns da migración amosan diferencias en canto ás actitudes e ós efectos. Os traballadores chegados de maneira

regular con contratos de traballo non presentan as mesmas características que os inmigrantes clandestinos, que deixan o seu país polo fracaso no desenvolvemento, moitas veces debido ó mal goberno. Os demandantes de asilo inscribíense noutra lóxica. A poboación das persoas que entran no ámbito dos procedementos de reagrupación familiar é moito máis feminina e ten impacto no mercado de traballo e no movemento natural do país de residencia.

En consecuencia, as políticas urbanas deben adaptarse á diversidade das cuestións migratorias, mesmo se cómpre favorecer dous eixos esenciais. O primeiro consiste en facer todo para evitar mecanismos de guettos. Parece perigoso para a cohesión social o feito de concentrar esta ou aquela inmigración en barrios pechados fronte á cidade. A historia de Europa non ten nada que ver coa de Estados Unidos e o concepto de cidade aberta encóntrase na cerna da identidade de Europa. É, daquela, importante aplicar políticas que permitan que a inmigración entre no cadro da cidade sen sensación de barreira entre vivendas habitadas por inmigrantes e as outras.

O segundo eixo atinxe á integración dos inmigrantes. Igual que as vivendas non se deben concibir como "máquinas residenciais", o inmigrante non debe ser visto como unha "máquina para traballar", senón como un ser humano que ten os seus dereitos e os seus deberes. Os seus dereitos son os que o respecto dos dereitos humanos concede a toda persoa. E os seus deberes consisten en aceptar as regras da sociedade de acollida e, daquela, o respecto do universal común que permite ás sociedades europeas viviren pacificamente da riqueza da súa diversidade, é dicir, aceptar, por exemplo, que as leis están por riba das regras étnicas ou relixiosas. Neste obxectivo as cidades, as primeiras en verse afectadas pola inmigración, deben aplicar políticas de integración baseadas en ensinalles sistematicamente ós inmigrantes a lingua do país de residencia e en conceder o dereito a votar ou a cidadanía só baixo a condición desta adquisición lingüística. Esta ensinanza debe ser a ocasión para precisar as regras sen as cales Europa sufriría, como demasiados países, desordes civís.

Convén, en particular, adaptar as políticas escolares ós nenos provenientes da inmigración cun marco familiar ás veces analfabeto ou caracterizado por prácticas sociais que manteñen as mulleres nunha situación de inferioridade ou, incluso, nunha posición de semiescravidade, como en certas variantes de poligamia.

—*¿Que impacto poden ter as novas tecnoloxías nos novos modelos de crecemento urbano e de desenvolvemento territorial?*

—As novas tecnoloxías de información e de comunicación presentan unha oportunidade para o desenvolvemento territorial, sempre cando se

lles dá a todos os territorios un acceso igual a estas técnicas. Esta realidade queda demostrada, por exemplo, no correo electrónico que permite a zonas onde o servizo de correos tradicional funcionaba mal comunicarse co resto do mundo. Gracias a estas tecnoloxías, tamén países antes moi illados poden ter cabida nas redes de comunicación.

A aportación destas tecnoloxías supón dúas políticas: unha política técnica que permita ós territorios dispoñeren das ferramentas máis eficaces e, entón, dun acceso a redes fiables e de alto rendemento. En segundo lugar, a capacidade dos territorios a sacar proveito das novas tecnoloxías depende da formación da xente. Trátase, daquela, tanto na formación inicial como na formación continua, de desenvolver políticas educativas que fomenten a praxe das novas ferramentas. En efecto, estas ferramentas só son uns medios. Como a lingua de Esopo, Internet pode ser ou a mellor ou a peor das cousas. Só unha educación pode conseguir que sirva ó progreso humano.